

Poesía en marcha

Anxo Tarrío Varela

Dous acontecementos culturais tiveron lugar esta semana en Compostela. Dous acontecementos protagonizados (incríbel, ¿non?) pola poesía, que insospeitadamente foi quen de convocar a centos (si, centos) de persoas en dous días sucesivos. Foi o primeiro a presentación dunha entrega multimedia que inclúe un libro titulado *Nadir* con texto de Manuel M. Romón e ilustracións de Alberto de Sousa, e un CD que leva por título *Bonus Track*, cun folleto-carátula todo el en inglés, así mesmo ilustrado por Alberto de Sousa, coa tradución dos poemas de *Nadir* e un texto moi rexoubeiro no panel informativo e nos títulos de crédito. No disco, editado por Efémora, ofrécese a voz do poeta, que le as súas composicións apoiado pola música (electrónica mesturada con instrumentación convencional) de Julián Hernández. A produción de todo isto correu a cargo dos propios artistas co-financiados polo *Grupo Tinta*, unha nova sociedade da que se ten falado estes días atrás na prensa e que vira arredor do obradoiro gráfico Litonor.

A presentación, que tivo lugar na nave industrial que Litonor posúe no polígono santiagués do Tambre, foi unha festa gratificante para os cinco sentidos, unha *performance* na que até as máquinas impresoras participaron cos seus peculiares ritmos e ruidos debidamente amplificados con micrófonos dispostos nas súas entrañas e na que o propio público contribuíu, coas conversas e co seu ir e vir a coller unha copa ou alcanzar unha tapa, como parte integradora de algo que tivo un punto de *happening*. En boa medida este *Nadir*, así presentado, fai honra ao que a palabra titular significa e sitúase nas antípodas do quefacer poético convencional, amosando as posibilidades de organizar unha poética do ruído e do barullo con contrapuntos de silencio, favorecendo o encontro e o contacto humanos a través dos que a vida flúe e as imaxes aboian polos catro puntos cardinais, nunha festa polícroma na que, en sincretismo sensorial con toda a atmosfera creada, a vista disfruta dun paisaxismo abstracto que catro grandes pantallas se encargan de lle ofrecer mediante un controlado sistema de proxectores.

En canto á entrega en si, é dicir o libro e o compacto, unha vez xa instalado un na comodidade da súa casa, ofrece abondo de interese, pois á impecábel impresión do libro, coa reprodución das magníficas acuarelas abstraccionistas de Alberto de Sousa, hai que lle engadir un texto poético minimalista de Romón moi ben distribuído para a lectura dos silencios, e a

música de Julián Hernández, que apoia a voz do poeta, nunha interesante sesión de audición que dura dezanove minutos.

O outro acontecemento aínda foi máis sorprendente, pois se trataba da presentación dunha nova colección de poesía (“Ablativo Absoluto”), de Edicións Xerais de Galicia, nunha librería compostelá de nova planta, a “María Balteira”. A afluencia de persoal foi tan grande que un servidor, por chegar dez minutos tarde, xa non puido enteirarse de nada e tivo que imaxinar as lecturas de poemas que levaron a cabo dous mozos e unha moza, Anxo Quintela, Estevo Creus e Chus Pato, autores, respectivamente dos tres títulos (*O asasino astrábico*, *Poemas da cidade oculta e Nínive*) que, xunto con outro do poeta irlandés e Premio Nobel, Seamus Heaney, traducido por Vicente Araguas (*Traballo de campo*) conforman a primeira entrega da nova colección, magnífica de deseño e con cubertas ilustradas co característico grafismo e corido de Xose Freixanes.

En fin, ¿il será un síntoma de que a poesía ten posibilidades de volver a coller o interese público que tivo en tempos pasados? Ben pode ser e, ademais, os novos soportes literarios e o complexo estético que supoñen os multimedia quizais poidan facer compatíbeis os baleiros chispún-chispún das discotecas cunha experiencia poética na que a xuventude non perda contacto coas actividades creadoras do país. Todo poder ser.

O Correo Galego, 1996